



ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CONTRATO EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA – RESTAURANTE DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE A MACOCA.

ARTIGO 1º. - OBXECTO:

A presente licitación ten por obxecto a adxudicación, mediante concurso da "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA- RESTAURANTE DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE A MACOCA".

A explotación levará aparellada as seguintes obrigas, ademais das especificadas para tal servizo.

1. Corresponde ó adxudicatario cumprir obrigatoriamente as seguintes esixencias:

- A) Aportar as instalacións, equipamento e bens que sexan necesarios ou equivalentes atendendo á clasificación do establecemento e a esixencia de prestar un servizo de gran calidade.
- B) Manter en bo estado os locais, superficies, instalacións, maquinaria e equipamentos, así como efectuar as reparacións e mantemento daqueles e a conservación ou substitución á súa costa dos elementos que o requiran. As reparacións e calquera outra actuación deberán ser autorizadas polo órgano competente na Entidade.
- C) A limpeza xeral dos locais, comprendendo superficies, paramentos, solos, cristais, mobiliario, portas, aseos e , en xeral, calquera outro elemento que o requira.

O servizo de limpeza deberán realizarse fóra do horario normal de funcionamento e puntualmente sempre que sexa necesario consonte ás seguintes normas:

- 1ª. A limpeza dos aseos realizarase como mínimo catro veces por día así como a recollida de papeis, cabichas, etc.. durante o horario de funcionamento da cafetería- restaurante.
 - 2ª. Os cubos e colectores de lixo, estarán perfectamente limpos coa tapa de peche hermético e baleirándose diariamente, debendo depositarse nun lugar adecuado e non visible polo público usuario do servizo.
- D) Procederase á desinfección anual dos locais e, puntualmente, cando o considere necesario a Entidade.
Os traballos indicados neste apartado deberán ser realizados por unha empresa autorizada debendo presentar por escrito a xustificación de telos realizados.
 - E) Os servizos terán que se presentar de forma ininterrompida tódolos días e horas que o centro este aberto. O horario podería variarse previa autorización da Entidade atendendo a solicitude fundada do adxudicatario para mellorar a prestación dos servizos e se a xornada laboral do persoal sufrira modificacións , ó obxecto de acomodar o servizo a esta, será sen dereito a contraprestación ningunha por parte do adxudicatario.
 - F) Realizar as labores de carga e descarga de mercadorías fora do horario de apertura ó público e sen interferir na actividade do edificio.





ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

- G) Que o persoal estea afiliado á Seguridade Social, de acordo coa norma vixente, sendo do seu cargo tódolos gastos de carácter social e laboral que se deriven da relación contractual, coa facultade da Administración Municipal de esixir en calquera momento proba documental de estar ó corrente no pagamento de cotas de Seguridade Social correspondentes ó persoal de que dispoña.
- H) Que tódolos traballadores da cafetería estean en posesión do carné – manipulador de alimentos antes de ser contratados, sendo esixible o xustificante de ter superado as probas coa periodicidade que estableza a regulamentación técnico - sanitaria de aplicación.
- I) O persoal utilizará roupa de uso exclusivo de traballo e en perfecto estado de limpeza e observará a máxima pulcritude no seu aseo persoal.
- J) O pagamento de tódolos gastos que se orixinen con motivo da publicación dos anuncios do procedemento licitatorio e de formalización do contrato.
- K) Non utilizar outros espazos que os especificamente asignados para realizar as súas actividades sen previa autorización da Entidade, pero estarán obrigados a facelo no suposto de ser requiridos por este.
- L) A obtención polo adxudicatario dos permisos e autorizacións sectoriais, que no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade.

2. Incumbe así mesmo ó adxudicatario:

- A) Satisface-la totalidade dos gastos que se deriven da conservación e mantemento dos locais, instalacións, maquinaria e demais elementos a que se refiren os apartados anteriores.
- B) Solicitar e obter tódolos permisos necesarios para poder realizar a actividade
- C) Aboa-los gastos de teléfono, gas, luz e calquera outro de natureza análoga.
- D) Satisface-los tributos estatais, autonómicos e locais que se deriven do exercicio da actividade.
- E) Concertar pólizas de responsabilidade civil, que cubran os riscos que se puidesen causar, directa o subsidiariamente, coas seguintes coberturas:
 - 1. Responsabilidade Civil Explotación, Responsabilidade Civil Subsidiaria, Responsabilidade Civil Cruzada e Responsabilidade Civil Locativa, cun límite non inferior a 300.506,05 €.
 - 2. Responsabilidade Civil Patronal: Dita indemnización terá como mínimo un límite por sinistro de 300.506,05 € e un sublímete de 90.000 €.

Establécese un prazo de vinte días para a súa contratación, a contar das datas de notificación da adxudicación.

- F) Dispoñer de follas de reclamación a disposición do público.
- G) Dispoñer dunha lista de prezos que deberá estar colocadas en lugar ben visible, indicando os aplicables a cada artigo ou produto e outra coa de prezos libres.
- G) A comunicación á Entidade das reparacións ou calquera outra actuacións, que deberán ser autorizadas polo órgano competente da Entidade.

ARTIGO 2º. - DURACIÓN DO CONTRATO:

O prazo de duración da explotación cífrase en **CINCO ANOS**, prorrogables por **outros cinco**.

O adxudicatario deberá comezar a prestar o servizo no prazo máximo de **TRES MESES** dende a sinatura do contrato.





ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

ARTIGO 3º. - CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Os previstos no artigo 8º de Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

ARTIGO 4º. - REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN:

Os ofertantes deberán acreditar documentalmente de forma fidedigna e como mellor conveña ao seu dereito, todas e cada unha das circunstancias a que fai referencia na súa proposta: A súa solvencia profesional, industrial ou económica; a súa competencia na realización de servizos análogos e a súa especial preparación técnica para o desempeño da actividade de referencia.

Non serán valoradas aquelas circunstancias a que se faga mención que non veñan acreditadas documentalmente con documento orixinal ou compulsado.

Os ofertantes acompañarán, en todo caso, unha lista completa dos servizos de venda ao público; relación de mobiliario e materiais que se adscriban ao servizo obxecto de contrato; obras de reforma ou reparación a realizar nas instalacións para a mellora da explotación, con indicación de calendario para a súa execución.

Asemade, deberán facer declaración expresa de coñecemento do local obxecto de este contrato.

Igualmente, os ofertantes poderán suxerir cantas cuestións poidan convir á mellor realización do obxecto do contrato.

ARTIGO 5º. - OBRIGAS XERAIS DO ADXUDICATARIO DA EXPLOTACIÓN:

- a) Exercer de forma axeitada e eficiente e segundo os usos do sector, a explotación dos servizos de cafetería – restaurante do Edificio Administrativo de A Macoca.
- b) A adquisición de mobiliario, maquinaria, bens percedoiros e subministracións de calidade axeitada para unha explotación da súa categoría e o mantemento e stocks e materiais de reposición que garantan o axeitado servizo de cafetería – restaurante.
- c) Dispoñer de persoal abondo para atender en condicións óptimas as instalacións e servizos ofertados no establecemento. A Entidade queda exenta de toda a responsabilidade co persoal do adxudicatario, sendo, por tanto, de conta de este os pagamentos de cotas da Seguridade Social, accidentes de traballo e demais que se estableza.
- d) Será responsabilidade do concesionario a limpeza (cristais, pulido chans, aseos), desinfección e desratización do local destinado a cafetería, manténdoo en perfecto estado de limpeza e salubridade conforme á normativa vixente.
- e) Acatar ordes particulares que reciba da Entidade, referentes á boa explotación das instalacións.
- f) Admitir ao servizo a todos os usuarios e visitantes da instalación Municipal.
- g) Obter toda clase de licenzas, permisos, autorizacións, etc., que sexan necesarios para a explotación da actividade obxecto do presente contrato e durante o seu período de vixencia.
- h) Conservar os locais e instalacións en perfecto estado de entretemento, limpeza e hixiene. Durante o período de explotación da cafetería - restaurante, correrán a cargo de o adxudicatario todas as reparacións, tanto de obras coma de instalación, calquera que sexa o seu alcance ou causa.





ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

- i) Facerse cargo dos gastos de subministración de enerxía eléctrica, teléfono, auga, rede de sumidoiros, lixo e demais análogos.
- j) Non allear bens afectados á explotación que houberen de reverter a Entidade, nin os gravar, salvo autorización expresa da Corporación.
- k) Exercer por si a explotación e non a ceder nin a traspasar a terceiros sen a anuencia da Corporación.
- l) Subscribir co representante da Administración facultado para iso, acta de entrega e formalización do **inventario inicial da explotación**, no que se recolla con detalle a composición do mesmo constando asemade o estado das instalacións, que se elaborará polo técnico municipal competente con carácter previo á sinatura do contrato.
- m) O Contratista queda suxeito a resarcir os danos e indemnizar os prexuízos que se causen, ben sexa directamente ou a través do persoal propio, nas instalacións obxecto do concurso e fronte a posibles terceiros. Concertar pólizas de responsabilidade civil, que cubran os riscos que se puidesen causar, directa o subsidiariamente, coas seguintes coberturas:
1. Responsabilidade Civil Explotación, Responsabilidade Civil Subsidiaria, Responsabilidade Civil Cruzada e Responsabilidade Civil Locativa, cun límite non inferior a 300.506,05 €.
 2. Responsabilidade Civil Patronal: Dita indemnización terá como mínimo un límite por sinistro de 300.506,05 € e un sublímite de 90.000 €.
- n) Cumprir co persoal que precise tomar ao seu cargo as obrigas legais para con el, que en ningún momento adquiriran relación ningunha ca Entidade.
- o) Poñer en coñecemento da Entidade calquera circunstancia que afecte ao funcionamento da instalación, sen prexuízo da adopción, pola súa banda, das medidas necesarias para o mantemento en perfecto estado dos bens obxecto do contrato.

ARTIGO 6º. - SANCIÓN:

O incumprimento do contrato dará lugar ás sancións a que en dereito houbera lugar, logo do expediente instruído para os efectos.

Infraccións leves:

- A falta de aseo do persoal ó servizo do concesionario.
- A mera interrupción ou imperfección na prestación dalgún servizo.
- O retraso inxustificado de comezo dos servizos cando este requisito sexa esixible.
- A falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais e axentes da autoridade.
- Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo.
- Outros incumprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constitúen infracción doutra natureza.

Infraccións Graves





ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

- A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen riscos para a saúde.
- A resistencia ós requirimentos efectuados pola Administración, ou a súa inobservancia.
- A utilización de sistemas de traballo diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista, no seu caso.
- A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.

Infraccións Moi Graves

- A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano competente, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
- A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.
- A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas salvo nos supostos de folga non imputables ó contratista.
- A resistencia reiterada ós requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave á execución do contrato respecto de prestacións esenciais.
- A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista cando produzan un prexuízo grave na execución do contrato.
- A prestación dos servizos notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, incomodidade ou prexuízo grave ós cidadáns, salvo que figure tipificada especificamente noutro apartado.
- A modificación na prestación do servizo sen previa autorización municipal.

Sancións:

- Faltas LEVES: multa de ata 300 euros.
- Faltas GRAVES: multa de contía comprendida entre 300 euros e 1.000 euros.
- Faltas MOI GRAVES: multa de contía comprendida entre 1.000 euros e 3.000 euros.





ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

As contías das sancións entenderanse actualizadas en función da variación do IPC para o conxunto do estado publicado polo INE ou organismo que o substitúa.

Tanto o importe das multas, como o das responsabilidades administrativas poderanse esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación do servizo.

As sancións imporanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ó adxudicatario.

ARTIGO 7º. - HORARIO DE APERTURA:

O adxudicatario obrígase a manter o establecemento aberto ao público todos os días (agás os de descanso obrigatorio do persoal). O adxudicatario deberá ter aberto o establecemento obxecto do presente contrato durante o horario habitual establecido na lexislación para este tipo de establecementos, sendo condición resolutoria do contrato o que o mesmo se atope pechado ao público en horario normal de apertura sen causa que o xustifique, excepto circunstancias de forza maior que se deberán acreditar.

O horario de apertura e peche da cafetería – restaurante deberá en todo caso responder ás necesidades do Edificio e das actividades municipais que se desenvolvan no mesmo, en nas instalacións deportivas

ARTIGO 8º. - VIXILANCIA E SEGURIDADE:

O adxudicatario obrígase a vixiar as instalacións, procurando a súa seguridade, sendo responsable das consecuencias que a súa inobservancia teña nas instalacións a explotar e no resto do Centro Social.

ARTIGO 9º. - PREZO:

Os concursantes farán mención á cantidade anual a Entidade , máis IVE, que ofrecen como canon, pola explotación da cafetería – restaurante e se aboará trimestralmente, durante os primeiros cinco días do trimestre natural dende o asinado do contrato.

O prezo será revisado anualmente de conformidade co taxa de variación do IPC.

O prezo do cánon ofertado será independente de toda clase de impostos, taxas ou prezos públicos municipais que poidan devengarse, os cales se liquidarán, no seu caso, polas tarifas da Ordenanza correspondente.

ARTIGO 10º. - RECEPCIÓN Y ENTREGA DAS INSTALACIÓNS Á FINALIZACIÓN DO CONTRATO:

Ao termo da concesión por calquera das causas legalmente establecidas, reverterán a Entidade **todas as instalacións e mobiliario** en perfecto estado de uso e explotación, aínda cando **foran executadas e mercadas polo concesionario**, sen que aquel percibise por iso pagamento ou indemnización algunha.





ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

A entrega e recepción das instalacións e servizos, farase pola Entidade coa formalización das oportunas actas-inventario.

ARTIGO 11º. - SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN:

Para o inicio da actividade deberá remitir a Entidade copia das autorizacións e permisos necesarios para o inicio da mesma, así como copia da póliza de responsabilidade civil.

Durante a explotación, o concesionario virá obrigado a facilitar a Entidade cantos datos se soliciten sobre o seu uso, podendo inspeccionar en calquera momento as instalacións e funcionamento do servizo.

ARTIGO 12º. - INTERPRETACIÓN DO CONTRATO:

A Entidade ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e de resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Pazos de Reis, documento asinado dixitalmente ao marxe

